

**II. AUTORIDADES E PERSOAL****B) NOMEAMENTOS****CONSELLERÍA DE SANIDADE**

*RESOLUCIÓN do 7 de marzo de 2019 de cesamento e nomeamento de membros do Comité Territorial de Ética da Investigación de Santiago-Lugo.*

O presidente do Comité Territorial de Ética da Investigación de Santiago-Lugo enviou o día 27.2.2019 un escrito á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade no cal vén, dunha banda, a comunicar a renuncia de tres persoas membros do Comité Territorial de Ética da Investigación de Santiago-Lugo e, doutra, a propor o nomeamento de catro persoas como membros do citado órgano.

Antecedentes:

Mediante a Resolución do 6 de febreiro de 2018, que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* do 14.2.2018, concedeuse a renovación da acreditación do Comité Territorial de Ética da Investigación de Santiago-Lugo, estableceuse a súa sede e nomeáronse como membros ás persoas que se relacionaban no seu anexo.

Entre as persoas que se relacionaban no citado anexo figuraban María Jesús Lamas Díaz, Rafael Carlos Vidal Pérez e Víctor Herrán Carreira, os cales renuncian agora á súa condición de membro do comité.

Consideracións legais e técnicas:

O Decreto 63/2013, do 11 de abril, polo que se regulan os comités de ética da investigación en Galicia, recolle no capítulo III a regulamentación correspondente aos comités territoriais.

No que atinxe á súa composición, os comités territoriais de ética da investigación terán, segundo dispón o punto 1 do artigo 9, unha composición multidisciplinar e estarán formados por un mínimo de nove e un máximo de quince membros de xeito que se asegure a súa independencia, competencia e experiencia na toma de decisións e no cumprimento das súas funcións.

Na actualidade, o Comité Territorial de Ética da Investigación de Santiago-Lugo conta con catorce membros. Xunto coa renuncia de tres membros, propúxose a incorporación de



catro persoas como novos membros, de xeito que a composición se axusta ao citado tope numérico, e son as seguintes:

- a) Ana Estany Gestal, da Fundación Ramón Domínguez de Santiago de Compostela.
- b) María Mercedes Rodicio García, de Xerencia de Xestión Integrada de Lugo.
- c) Jesús Prego Domínguez, da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago.
- d) María José Alfaro Águila-Real.

Pola súa banda, o punto 5 do artigo 9 sinala que os membros destes comités serán designados/as e nomeados/as pola persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, por proposta da Secretaría Xeral Técnica, garantindo en todo caso a representación equilibrada de homes e mulleres.

Logo de ver o que se expuxo, e de acordo coa proposta que efectuou a Secretaría Xeral Técnica desta consellería,

**RESOLVO:**

O cesamento de María Jesús Lamas Díaz, Rafael Carlos Vidal Pérez e Víctor Herrán Carreira como membros do Comité Territorial de Ética da Investigación de Santiago-Lugo.

Así mesmo, o nomeamento de Ana Estany Gestal, María Mercedes Rodicio García, Jesús Prego Domínguez e María José Alfaro Águila-Real como membros do citado comité territorial.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019

Jesús Vázquez Almuíña  
Conselleiro de Sanidade

